

MANIFESTO DAS RADIOS ESCOLARES NO DÍA MUNDIAL DA RADIO



O papel das tecnoloxías da información e comunicación é cada vez máis sobranceiro nas sociedades modernas acadando grandes cotas de presenza na vida das persoas.

A escola, como centro de educación e preparación dos nosos alumnos e alumnas para a súa rota vital, non debe ser allea a esta realidade e debe ter o compromiso de incluír nas súas prioridades a formación das novas xeracións como cidadáns con espírito crítico e valores democráticos dunha sociedade moderna.

Pola súa sinxeleza técnica e potencia pedagóxica a radio pode ocupar unha importante posición como medio dinamizador nos centros educativos, desenvolvendo as capacidades comunicativas e imaxinativas do alumnado e favorecendo a adquisición das competencias básicas mediante unha metodoloxía activa e participativa.

No século da sociedade da información, a escola debe formar cidadáns capaces de comunicar e comunicarse de forma autónoma e con espírito crítico. A radio na escola constitúe unha valiosa ferramenta para o desenvolvemento da expresión oral e da re-transmisión dos traballos do alumnado. Unha ponte necesaria entre a escola e a sociedade.

As radios escolares comezaron a implantarse en Galicia e no Norte de Portugal a comezos dos anos 90. Do mesmo xeito, en América Latina proliferaron diversas modalidades de radios educativas e comunitarias. Desde entón,

diversas foron as actividades e experiencias realizadas por cada unha delas sendo unha das máis importantes a participación ano a ano no programa de Radio Interescolar Ponte...nas ondas!

Por todo isto a **Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas!** e a **Asociación Internacional de Radios Educativas (AIRE)**, representando ás escolas que traballamos coa Radio Escolar e uníndonos ao chamamento da **UNESCO** para celebrar o **Día Mundial da Radio, MANIFESTAMOS:**

1. Que as voces dos nosos xoves teñen dereito a expresarse nun medio de comunicación directo, simple e actual.
2. Que un dos obxectivos da radio escolar é educar aos mozos e mozas en valores como a tolerancia, a solidariedade, a igualdade e a colaboración a través do seu uso activo.
3. Que as nosas voces precisan ter unha canle de difusión, facilitada pola administración, para poder establecer pontes coas nosas emisións, coas nosas familias e con outras realidades.
4. Que as distintas administracións educativas deberían fomentar a implantación e desenvolvemento das radios escolares como xeito doado de envolver aos nosos mozos e mozas en todas as fases de creación e produción nun medio de comunicación. Para iso, cremos imprescindible que a administración cree un canal de radio exclusivo para as radios escolares.
5. Que a radio escolar constitúe a máis eficaz ferramenta para a conformación das competencias comunicativas dos futuros cidadáns.

E para que as boas ondas cheguen por AIRE aos mellores oídos, así o proclamamos no **Día mundial da radio o 13 de febreiro de 2014.**

Este manifesto pódese apoiar nas redes sociais de cada unha das entidades participantes e en :

www.pontenasondas.org

www.radioseducativas.webnode.com

